

# BIBLIOTECA CLT

UN ESPAZO PARA A COMUNIDADE

**BIBLIOTECA CARMEN LORIGA TOMÉ** CIFP Ánxel Casal Monte-Alto

01

Sección 01

# A COMUNIDADE DO CIFP ÁNXEL CASAL

A diversidade... a nosa maior riqueza!





# + DE 2000 PERSOAS EN FORMACIÓN...
# + DE 100 PERSOAS PARA FORMALAS...
# + DE 30 PERSOAS PARA APOINARNOS NA FORMACIÓN...

Comunidade educativa moi amplia.
Presenza maioritaria de mulleres.
O “paso rápido” polo centro.
A diferenza da valoración social entre as dúas familias profesionais.

Diversidade... moita diversidade de:

- Culturas
- Idades
- Intereses
- Experiencias e coñecementos
- Prioridades e necesidades

A importancia dun espazo amable.
A diversidade como riqueza.
A igualdade como condición irrenunciable.
O valor dunha formación comprometida



@Peter Spiers

02

Sección 02

# A IMPORTANCIA DUN ESPAZO AMABLE



# A IMPORTANCIA DUN ESPAZO AMABLE

A biblioteca como un espazo "de e para" todas e todos, un lugar vivo no que aprender, atopar, compartir...

+info














ANTONIO RUBIO e ÓSCAR VILLÁN
PAXARIÑA
PAXARIÑA DE PAPEL



03

Sección 03

# PRESENTANDO E ANIMANDO NOSO ESPAZO













# PRESENTANDO O NOSO ESPAZO AO ALUMNADO

Cada comezo de curso presentamos o noso espazo aos diferentes grupos de alumnado. Dedicamos 1 ou dúas semanas á recibir aos grupos, acompañados da persoa titora ou dalgunha persoa integrante do equipo educativo. Transmitimos a historia e o funcionamento da sala, invitamos ao seu uso e desfrute, achegamos a programación de actividades e amosamos fondos técnicos e fondos de sensibilización en valores humanos.

**Decálogo de uso** | **Plano da sala** | **Programación actividades**












# PRESENTANDO O NOSO ESPAZO AO PROFESORADO

Cada comezo de curso presentamos o noso espazo ao profesorado. Dedicamos 1 semana á recibir ao profesorado en diferentes franxas horarias da súa xornada. Priorizamos a acollida e a economía de tempos para non saturar de información. Intentamos transmitir o valor do desfrute da sala e dos fondos, o modelo de espazo vivo e a idea de autonomía e autoxestión por parte do alumnado.

***Decálogo de uso***




**Uso do Meiga**




**DVDS**




## Formulario para comunicar as suxestións de compra de fondos

Si es titora ou titor de material... podes achegarnos a través deste formulario as suxestións de compras decididas en colaboración co teu equipo educativo

# ANIMANDO O NOSO ESPAZO: EXPOSICIÓNS E RETOS













Agasallo do concurso "Aromas con recompensa"

Solucións ó concurso " Aromas con recompensa"





## ***Aromas con recompensa***

*Serías quen de identificar os nomes das especias e das plantas que forman parte da exposición curarte????*
***Investiga os 18 nomes que se agochan dentro das 18 cuncas que hai na biblioteca e na entrada do centro e gaña unha suculenta recompensa!!!***

*Cubre a túa proposta de resolución e depositaa no buzón que hai no mostrador da biblioteca*

***Prazo límite: as 18:00 do 19 de decembro***







# ANIMANDO O NOSO ESPAZO: EXPOSICIÓNS E RETOS




# Curarte

Remedios moi naturais a base de plantas e letras...



**Manual de remedios literarios**
*Berthoud; Elderkin. Siruela 2017.*
A fermosa inspiración para a nosa guía...

**A** ***Amores, mal de:***



**O ceo é azul, a terra branca.** *Kawakami, H. Acantilado, 2009.*
Tsukiko pensa que non está dotada para o amor...



**O maior Pettigrew namórase.** *Simonson, H. Anagrama, 2011.*
O maior levaba unha apacible vida desde que enviuvou...

***Ansiedade:*** consulta no receitario *"Alcolato de Herba de San Xoán"*



# ANIMANDO O NOSO ESPAZO: EXPOSICIÓNS E RETOS













04

Sección 04

# O VALOR DE CREAR VÍNCULOS









Estivemos a pensar que lle poderiamos pedir ós Reis Magos para vós...
Pensamos e pensamos en cal podería ser o mellor dos agasallos posibles pero... non é doado acertar!
Unhas luvas para cando hai que abrir e pechar a ventá e non parar de dar chaves? Vai frío abondo ás veces...
Un gorriño de la para cando hai que abrir e pechar esas portas de fóra? Vai frío abondo ás veces...
Uns calcetíns de la para cando hai que facer o famoso simulacro? Vai frío abondo ás veces...
En fin, xa se sabe, este espazo noso éche moi venteado e...vai frío abondo ás veces!!!

Logo de moito pensar e pensar... chegamos a dúas conclusións:
1ª- Neste espazo que compartimos,venteado e ás veces frío, sempre hai alguén que nos abre as portas... semella sinxelo, como todo o realmente importante...
2º- Quen abre portas cada día... ben merece unha cunca de algo quentiño!

Que teñades un ano cheo de cousas boas por estrear!!!

Asinado:

CIFP Ánxel Casal - Monte Alto
Biblioteca Uxío Novoneyra

**Equipo de biblioteca**

# A IMPORTANCIA DO PERSOAL NON DOCENTE






A Biblioteca deséxalles a mellor das viaxes profesionais e persoais posibles a todas as persoas que poñen rumbo a outros lugares...



Cando unha viaxe chega ó seu fin, outra comeza.

Hai que prepararse para a nova partida. Para medrar, mudar e emprender novos rumbos

*Martín Vidal, Beatriz: Páxaro. Thule*

# ACOMPAÑAR AO ALUMNADO NAS CHEGADAS...E NAS PARTIDAS...






Consideramos moi importante dar unha benvida o equipo de gardas e agradecerlle o seu traballo. Cada curso intentamos deseñar un pequeno agasallo de benvida que deixamos no posto de atención ó público para que as diferentes persoas que van chegando a realizar a súa primeira garda do curso o atopen...Este ano aproveitamos que a asesoría propuxo a poesía como tema para realizar a nosa proposta de agasallo.



Bo día!
Se formas parte do equipo de gardas da biblioteca un destes lapis é para ti.

Cada curso a Asesoría de bibliotecas escolares de Galicia propón un lema para os materiais que fai chegar ás bibliotecas dos centros. Seica este ano hai intención de enredarnos coa poesía…
Poesía na FP?
Poesía en Monte Alto?
Vai saber… o mesmo é certo que a poesía atopa sempre recunchos nos que agocharse e ocasións para sorprendernos… Nun recuncho moi próximo ó mostrador da biblioteca están os versos de Antonio García Teijeiro… tan só tes que deixarte somerxer nun mar de poesía.

Que teñas un bo curso!
Grazas pola túa participación no equipo de gardas da biblioteca.
*Equipo de Biblioteca*

QUERO chegar ao amar
(se está fuxindo)
para abrazalo
Antonio García Teijeiro
*Poemar o mar*

**Biblioteca Uxío Novoneyra**
***Un mar de poesía***
**Curso 2018-19**




# TODA UNHA VIDA POR LER




# ANOTAR MOMENTOS!!!




Conto con audiodescrición e lingua de signos



"Con outra mirada": contos en braille adaptados polo alumnado



Realizando práctica profesional: o espazo e a xordocegueira



"As letras nas túas mans" Celebrando as letras




Proxecto "A las olvidadas" canalizando a acción




Exposición de xoguetes realizados con material de refugallo

# DIFUNDIR AS CREACIÓNS DO ALUMNADO E DO PROFESORADO

Cedendo o espazo e o protagonismo ao alumnado, ao profesorado e aos equipos.

04

Sección 04

# AS OCASIÓNS PARA COMPARTIR



# BOCA_2 DE REALIDADE




consulta as bases



Entrega de premios




Mostras e guías de lectura

*"Unha ocasión para deixarnos*
*coa boca aberta cunha imaxe e un máximo de 140 caracteres"*

CONCURSO DE FOTOGRAFÍA E EXPOSICIÓN DE COMIC,
NOVELA GRÁFICA E ÁLBUM ILUSTRADO

# BOCA_2 DE REALIDADE




primeira edición




segunda edición


ioteca Uxío Novoneyra do CIFP Ánxel Casal- Monte
desexa dar as GRAZAS ás persoas participantes na
ción do noso concurso **Boca_2 de Realidade:**

ana Prol, pola súa sinxela e emotiva presenza do
nte importante…
. Simón, pola súa respectuosa e acertada imaxe da
ade…
cia Sendón, pola súa posta en valor da infancia e
no…
. Costa, pola súa chamada á acción…
e **Xurxo**, pola súa invitación á colaboración…
n Hermo, pola súa reivindicación da xustiza…
a Fernández, pola súa proposta de mudar a mirada…
ca Álvarez, por amosarnos a luz…
ny Montesinos, pola súa defensa da nosa contorna…
na Ramil, pola súa posta en escena das mulleres…
la Caridad, polo acertado uso do sinxelo…
ina Sugueti, pola orixinalidade da súa mensaxe…
ia Valle, por mergullarnos na realidade…
a e a **Iris**, pola marabillosa frescura...
na **Ruth**, por estar…

nos gustaría agradecer a colaboración do xurado
o por: *Dolores* (xefa de estudos), *Emma*
sentando ó profesorado), *Raquel* (representando á
teca), *Alba* (representando ó alumnado) e *Ana* e
representando ó persoal non docente)

das e todos vós, moitas **grazas** por
r posible **Boca_2 de Realidade**



terceira edición




cuarta edición

**Lema:**
E logo quen dixo que o facebook e a festa só fósen para a xente nova? Pásame a foto ao juasá que vouna subir ao tuiter.



quinta edición







sexta edición

# BOCA_2 DE REALIDADE
# 7ª EDICIÓN




Propostas VII Edición




Premiadas VII Edición

CONCURSO DE FOTOGRAFÍA E EXPOSICIÓN DE COMIC,
NOVELA GRÁFICA E ÁLBUM ILUSTRADO

# QUE É TEMPOS PARA CONTAR?



*"Unha ocasión para a* **interrelación** *entre o alumnado e os colectivos cos que intervirá no seu futuro profesional."*



*"Unha posibilidade de contacto persoal que axude a afianzar o* **compromiso** *coas persoas, e a crenza nunha* **atención de carácter humano**.*"*



*"Unha chea de tempos para* **intercambiar historias e experiencias** *que darán para moito contar..."*

# COLECTIVOS E ENTIDADES COAS QUE IMOS COLABORAR



## PERSOAS MENORES

Centro de Reeducación de Menores Concepción Arenal

## PERSOAS MAIORES

Centro de día para persoas maiores Mayores SL

## PERSOAS SEN FOGAR

Fogar de Sor Eusebia. Vivenda para homes adultos sen fogar.

## PERSOAS EN PROCESO DE REHABILITACIÓN

Unidade de tratamento do alcol e outras condutas adictivas.

# COLECTIVOS E ENTIDADES COAS QUE IMOS COLABORAR

## PERSOAS CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

Centro de Educación Especial María Mariño.
Educación Básica.
Formación Profesional Básica.

## COLECTIVOS VULNERABLES

Asociación Cultural Negus
Ocio inclusivo con diferentes colectivos. Traballo a través da música. DJ inclusivo.




## COMUNIDADE EDUCATIVA DO CIFP ÁNXEL CASAL

Programa Troca Trece.
Intercambios de tempos, experiencias e coñecementos nos recreos.

MÁIS

## QUEN PODE PARTICIPAR?



O ALUMNADO MAIOR DE IDADE, MATRICULADO EN OFERTA PRESENCIAL, EN CALQUERA DOS CICLOS OFERTADOS NO CIFP ÁNXEL CASAL MONTE ALTO.

## COMO PARTICIPAR?

CONSULTA A OFERTA DE ACTIVIDADES E LUGARES DE REALIZACIÓN.

CUBRE A FICHA DE PARTICIPACIÓN.
PODES POÑER TRES OPCIÓNS POR ORDEN DE PREFERENCIA.

**ENTREGA A TÚA SOLICITUDE NA BIBLIOTECA. TES ATA O MARTES 7 DE FEBREIRO ÁS 12:00 HORAS.**

# MATERIAIS E RECURSOS

Un curso na aula virtual, un decálogo para a comunicación, propostas de recursos e exemplos de posibilidades de creación




## AULA TPC

Un lugar para a comunicación, a aprendizaxe e o intercambio das propostas




## MATERIAIS

Propostas lúdicas, para a creación plástica e para a creación literaria



## INICIACIÓN ÁS LECTURAS COMPARTIDAS

Material sesión de formación.
Obradoiro: contamos moito

# MATERIAIS E RECURSOS

Un curso na aula virtual, un decálogo para a comunicación, propostas de recursos e exemplos de posibilidades de creación




## REMINISCENCIA

Un exemplo de posible sesión para traballar a memoria




## CREACIÓN DE RETOS

Algunhas pistas para a creación de retos culturais virtuais

autorizados, na aula virtual "Tempos para contar". Tan só as persoas responsables do programa "Tempos para contar" poderán xestionar a difusión de imaxes e vídeos para uso educativo non comercial. Para a súa difusión usaranse as canles oficiais do CIFP Ánxel Casal Monte Alto (web, twitter, instagram, blog da biblioteca, twitter da biblioteca). En ningún caso poderán facer uso das mesmas as persoas voluntarias para fins diferentes dos establecidos nin en canles distintas das previstas.

8. Manterei un comportamento adecuado durante a realización das sesión que implicará: puntualidade, implicación, centrarse na resolución da tarefa asumindo o rol de ser a persoa que a pon en marcha, evitar confundir ás persoas destinatarias das actividades sobre o noso labor (manter un comportamento que permita ser percibidas e percibidos como futuros profesionais que están a realizar tarefas de voluntariado de carácter cultural)
9. Aceptarei as normas de funcionamento que a entidade poida impoñer e

## 10 PAUTAS BÁSICAS

Decálogo de participación

# Actividades

## Centro de Reeducación de menores

Proposta de expresión artística a través do traballo coas tipoloxías, os nomes, os graffitis... Poemas ilustrados coa técnica de origami.
Posta en práctica de actividades de memoria, orientación espacial e de atención utilizando diferentes xogos presentes no mercado.
Poemas ilustrados coa técnica de origami.
Scape Rooms, creación de videoxogos, Kahoots.

## Centro de día de maiores

Posta en práctica de actividades de memoria, orientación espacial e de atención utilizando diferentes xogos presentes no mercado.
Creación plástica facendo uso das técnicas de origami e pintura.
Posta en práctica de actividades para a estimulación da de motricidade, facendo uso de materias de creación propia e de materias comerciais.
Reminiscencia con: canción popular, rimas, adiviñas e obxectos.

## Fogar de Sor Eusebia

Posta en práctica de actividades de memoria, orientación espacial e de atención utilizando diferentes xogos presentes no mercado.
Creación plástica facendo uso das técnicas de origami e pintura.
Alfabetización dixital: uso de datos móviles e de redes wifi, seguridade no uso das aplicacións de mensaxería e nas descargas gratuítas, aplicacións para o aforro da enerxía no móbil e uso adecuado da playstore.




Tempos para contar 2017_2018

+info

## UTACA

Posta en práctica de actividades de memoria, cáculo e orientación espacial utilizando diferentes xogos presentes no mercado
Alfabetización dixital: uso de aplicacións para o transporte público,a recuperación de contrasinais e a xestión de cartos.
Rutas animada pola cidade de A Coruña


GRUPO DE VOLUNTARIADO BIBLIOTECA ÁNXEL CASAL
GRUPO DE VOLUNTARIADO TEMPOS PARA CONTAR
LUNS DE RUTA 8 DE ABRIL A CIDADE VELLA
Tempos para contar
GRUPO DE VOLUNTARIADO TEMPOS PARA CONTAR
LUNS DE RUTA 25 DE MARZO O MONTE DE SAN PEDRO
Tempos para contar
MAYORES SL
FOGAR DE SOR EUSEBIA
Grazas polos tempos para contar!!!




Agasallo de San Valentín


QUÉROTE!!


juntos somos una conversación sin final
- rupi kaur
O agasallo para Mayores SL
23 de abril de 2019
Florearon os versos!!!
Biblioteca uxío Novoneyra
bibliocifpanxelcasal.blogspot.com/
twitter.com/BibliotecaAC


kahoot.it/challenge/?quiz-id=65b75956-961d-465b-8a7c-7584bead0259&single-player=true
Nueva pestaña
Formación Profesio...
A que cidade se traslada no ano 1969 debido ao traballo do seu pai?
18
Ourense
Coruña
Lalín
Vigo


QUE OS PARECE...
¿UNA TARDE DE ESCAPE ROOM?










# RECUPERAMOS A PRESENCIALIDADE.
# NADA COMO O CONTACTO DIRECTO!!!

# TROCA TRECE










*"Proxecto colaborativo da comunidade educativa do CIFP Anxel Casal Monte Alto"*

*"Espazo para coñecernos e poñer en valor os tempos compartidos"*

*"Ocasión para aportar experiencias e darlle o seu lugar ao intercambio"*

≡ MENÚ

## QUEN PODE PARTICIPAR

Todas as persoas da comunidade educativa que lles apeteza compartir 13 minutos do seu recreo dos venres pola mañá.

## COMO PARTICIPAR

1. Podes participar ensinando ou aprendendo algo, ou das dúas maneiras, tantas veces como desexes.
2. Para ensinar, podes presentarte ti soa ou con outra persoa máis...
3. Para aprender pódese formar un grupo dun máximo de seis persoas, buscamos un ambiente máis próximo...







## ALGUNHAS PROPOSTAS: VÍDEO DIFUSIÓN






| DATA | QUEN A IMPARTE (Indica ciclo e un correo electrónico) | TÍTULO (Ponlle nome a túa proposta) | OBSERVACIÓNS (Anota o material que precisas para impartir a actividade ou calquera outra necesidade que consideres) | PERSOAS ANOTADAS (Indica o teu nome e ciclo) |
|---|---|---|---|---|
| 10 de marzo | Canva | Andrea Dopico 2º Audioloxía protésica | Sala de ordenadores da Biblioteca | Sheila Barrio 2º Prótesis<br>FÁTIMA CANOSA LAGO 2º HIGIENE<br>Andrea Guevara Camino 2º HIGIENE<br>Cristina Freire<br>Raúl Giménez Martínez 1º APSD |
| | Cultura Checa | Celso Cadahír 2º Audioloxía protésica | Proxector<br>Pizarra para anotar | Silvia Vilariño 1º Integración Social<br>Cecilia Carpente 1º Integración Social<br>Diego Abuín<br>David Ávalos<br>Juan José Varela 1º APSD<br>Cristina Vázquez |

6

# ANÓTATE NA BIBLIOTECA!!!

# ALGÚNS TEMPOS COMPARTIDOS




















# FRECUENCIA CLT









# FRECUENCIA CLT









# FRECUENCIA CLT






05

Sección 05

# O TRABALLO EN COLABORACIÓN CON OUTROS EQUIPOS



# VIAXANDO CARA Á IGUALDADE



"As mulleres que len son perigosas"

Biblioteca Uxío Novoneyra (do 8 ó 30 de marzo)
CIFP Ánxel Casal Monte-Alto.

bibliocifpanxelcasal.blogspot.com.es
twitter.com/BibliotecaAC

Non te namores dunha muller que le, dunha muller que sente demasiado, dunha muller que escribe... Non te namores dunha muller culta, maga, delirante, tola. Non te namores dunha muller que pensa, que sabe o que sabe e ademais sabe voar, unha muller segura de si mesma. Non te namores dunha muller que ri ou chora facendo o amor, que sabe converter en espíritu a súa carne; e moito menos dunha que ame a poesía (esas son as máis perigosas), ou que se quede media hora contemplando unha pintura e non saiba vivir sen a música. Non te namores dunha muller á que lle interesa a política e que sexa rebelde e vertixe un inmenso horror polas inxustizas. Unha á que lle gusten os xogos de fútbol e de pelota e non lle guste para nada ver a televisión. Nin dunha muller que é fermosa sen importar as características da súa cara e do seu corpo. Non te namores dunha muller intensa, lúdica, lúcida e irreverente. Non queiras namorarte dunha muller así. Porque cando te namoras dunha muller como esa, quédese ela contigo ou non, ámete ela ou non, dela, dunha muller así, XAMAIS se volta.

Rivera-Garrido, Martha (18 de febrero de 2014) "No te enamores...", En Blog "¡Su boca es su medida!". WordPress (Acceso: 29/01/2016, disponible en https://subocaessumedida.wordpress.com/).







MULLERES EN PAPEL: GUÍA

MÚSICA CONTRA AS VIOLENCIAS

RUTA VIOLETA




Guía de lectura exposición MullerES

+



## A CARA OCULTA DA LÚA

A **cara oculta da Lúa** é o hemisferio da mesma non observable desde a Terra. A **Lúa** tarda en rotar sobre si mesma un tempo igual ó que usa para o seu movemento de translación arredor do noso planeta... por iso a **Lúa** lle amosa sempre a mesma **cara á Terra**...
A historia das mulleres é unha historia cunha cara oculta; as súas aportacións foron sistematicamente agochadas e silenciadas...
Semella irrenunciable recoñecer e alimentar un movemento que permita poñer luz sobre esa cara oculta, un movemento que permita viaxar cara á igualdade...

**Katherine Johnson**
Calculou o ángulo de despegue do **voo suborbital de Alan Shepard,** o primeiro estadounidense no espazo. Outros astronautas, como John Glenn, chegaron a pedir que os cálculos das súas traxectorias e voos fosen verificados por ela. Redactou o primeiro artigo de NASA asinado por unha muller. Calculou parte do programa de retorno da misión, o **Lunar Orbit Rendezvous.** Definiu o momento no que o **módulo lunar Eagle** debía abandonar a lúa para que a súa traxectoria coincidira có Columbia e puidese acoplarse para regresar á terra.
Xunto con Dorothy Vaughan e Mary Jackson formaron parte das coñecidas como "calculadoras humanas nas que se basea a película "Figuras ocultas".

**Margaret Hamilton**
Estivo ó fronte do equipo que escribiría o programa informático de voo para levar a Armstrong, Aldrin e Collins a descender na lúa de xeito seguro. O seu enfoque do deseño do software foi pioneiro na época. En momentos previos ó descenso na lúa amosouse un erro na computadora, Hamilton e o seu equipo foron quen de valorar que ese código significaba que a computadora estaba limpando a lista de tarefas de procesos pouco prioritarios para dedicarlle ó descenso todo o procesamento.

**Joann Hardin Morgan**
Foi a única muller que estaba presente no momento do despegue que levou ó home á lúa. Traballaba como controladora de instrumentación para a misión do Apolo 11. Desenvolveu a súa carreira na NASA durante 40 anos. Cando lle amosaron a imaxe dela presenciando o despegue afirmou: "Agardo que instantáneas como esta non volvan a repetirse"

**Frances 'Poppy' Northcutt**
Foi calculista da NASA desde o ano 1966, desenvolveu a súa carreira como especialista en retorno á terra calculando traxectorias. Formou parte do equipo de control de misión durante o programa Apolo. Converteuse en activista para apoiar as causas de xénero: "As mulleres nese tempo existían dentro dun mar de sexismo"

**Figuras ocultas (Theodore Melfi, 2017)**
Nas décadas dos cincuenta e sesenta, as poucas mulleres que traballaban na NASA facíano como *computadoras humanas* calculando a traxectoria das misións espaciais, un labor rexeitado polos homes por consideralo propio de 'secretarias'. *Figuras Ocultas*, narra a historia das matemáticas afroamericanas que realizaron un traballo decisivo para o éxito das misións espaciais.

**Mercury 13 (David Sington , 2018 )**
Un grupo de talentosas mulleres piloto sométese a un duro adestramento có obxectivo de voar ó espazo en 1961, pero quedarán relegadas ó lugar de observadoras xa que só os homes terán a posibilidade de ir ...

mujeresaseguir.com
principia.io
rtve.es

**bibliocifpanxelcasal.blogspot.com/**
**@BibliotecaAC**

BIBLIOTECA UXÍO NOVONEYRA
C.I.F. P. ÁNXEL CASAL – MONTE ALTO

Exposición "A que sabe a lúa"

# NA PROCURA DUNHA LINGUAXE INCLUSIVA




Folleto




Marcapáxinas




Poster

*"A palabra é a arma das persoas para aproximarse unhas a outras "*
*(Ana Mª Matute)*

# BOTANDO A LINGUA FÓRA










## MEDRA QUE MEDRA...EN GALEGO!!!

# BOTANDO A LINGUA FÓRA




Miña casiña, meu lar. Feliz Día de Rosalía #CaldodeGloria #DíadeRosalía






# BOTANDO A LINGUA FÓRA









## FALADOIROS

# ENREDADAS NA INFORMACIÓN




1. Gardo e ordeno: Pinterest
2. Creo: Canvas+Moovly
3. Comparto: Creative Commons




1. Padlet+Pinterest
2. Moovly+Animoto
3. Canva



## Decálogo para combater a desinformación!

Non creas todo o que recibes, aínda que pareza que ven de fontes fiables. Non reenvíes se non tes claro que o que vas a difundir é certo. Non te deixes levar polo apresuramento. Pon en valor a información moderada e fidedigna .

**01- Quen creou a noticia?**
A importancia de reflexionar sobre os intereses ocultos.
**Analiza nas webs ou nas redes sociais os datos sobre a persoa ou o equipo que conforma ese medio, quen o financia, as posibilidades de contacto...**

**02- Quen a envía?**
O exceso de confianza no contorno próximo.
**Mantente especialmente alerta das mensaxes que confirman as túas visións das cousas, ten conta das que chegan reenviadas por persoas coñecidas...**

**03- Canto se difundiu?**
A repetición... non é un garante de veracidade.
**Pensa no chamado "efecto de arrastre"... non ten deixes levar polo ruído mediático pasando a formar parte da cadea de transmisión.**

**04- Este url sóame...**
A diferenza importa!
**Comproba que os Url son os orixinais do sitio en cuestión. Fai unha procura do sitio e compara co Url enviado... pode que a variación afecte tan só a algúns caracteres.**

**05- Semella críbel?**
O papel da sátira e da crítica.
**Analiza nas webs ou nas redes sociais os datos sobre a persoa ou o equipo que conforma ese medio, quen o financia, as posibilidades de contacto...**

**06- Que fontes aporta?**
A necesidade de documentar
**Pon a proba os vínculos e as citas: abre os vínculos indicados como fontes e comproba que están relacionados co contido. Introduce no buscador as citas e verifica que foron feitas polas persoas ás que se lle atribúen.**

**07- A linguaxe**
Coidado co sensacionalismo!
**Desconfía dos grandes titulares escritos en maiúscula, creados para apelar á emotividade e xerar interese en redes sociais.**

**08- O poder das imaxes**
A posibilidade de ser manipuladas...
**Analiza nas webs ou nas redes sociais os datos sobre a persoa ou o equipo que conforma ese medio, quen o financia, as posibilidades de contacto...**

**09- As mensaxes ó oído**
Os audios que non son o que parecen!!!
As mensaxes difundidas en formato sonoro teñen características moi especiais: a invisibilidade do son, a proximidade que semella unir á persoa que fala coa que escoita... todo isto facilita que lles demos máis credibilidade. A isto hai que unirlle o feito de presentalos como procedentes de fontes expertas, a mención a lugares ou ámbitos de traballo concretos...Antes de reenviar un audio que che resulte sospeitoso busca se hai algún comunicado, un tuit ou on posteo que apoie o que o audio argumentan.

**10- O valor de ser persoas críticas**
A posibilidade de buscar axuda
Usa sempre o teu sentido común e o teu sentido crítico para analizar a información que recibes. Nalgúns casos, non temos capacidade para tomar decisións de verificación a través do noso análise da información sospeitamos pero non sacamos probas concretas.Se o precisas podes utilizar ferramentas de verificación ou consultar con axencias de verificación. En España están actuando as axencias seguintes: Efe Verificación, Maldita e Newtral.

Consulta as nosas infografías sobre ferramentas para a verificación

Unha colaboración de:
Antenas de Información Xuvenil do CIFP Ánxel Casal
Rede Municipal de Información Xuvenil do Concello da Coruña
Biblioteca Carmen Loriga Tomé

## RECREÁTE NA REDE

## COMBATENDO A DESINFORMACIÓN




Moitas grazas!!!




